

**ADDENDA AO ACORDO ASINADO, O 11 DE OUTUBRO DE 2023, ENTRE AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CC.OO., ANPE E UGT-SP ENSINO E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA (ACTUAL CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL), SOBRE MEDIDAS QUE MELLORAN O FUNCIONAMENTO DO SISTEMA EDUCATIVO E AS CONDICIÓN LABORAIS DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DOCENTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE IMPARTE AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.**

O 11 de outubro de 2023 as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino asinaron coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia (actual Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) un acordo, que foi autorizado na reunión do Consello da Xunta do día 7 de decembro de 2023, sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente da Comunidade Autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Por Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional publicouse o dito acordo no Diario Oficial de Galicia, núm. 12, do 17 de xaneiro de 2024.

O citado acordo ten a finalidade de adoptar unha serie de medidas que redunden na mellora do funcionamento do sistema educativo de Galicia, cunha incidencia en todos os sectores da comunidade educativa: as familias, o alumnado, os equipos directivos e o profesorado, en xeral.

O 9 de decembro de 2025 asinouse á adhesión ao mesmo da organización CSIF.

No marco do Acordo e das funcións atribuídas á comisión de seguimento, veñen desenvolvéndose actuacións de análise, avaliación e interpretación para favorecer o seu desenvolvemento e aplicación.

Neste contexto, as partes asinantes amosan a súa firme vontade de continuar avanzando





na procura de acordos mediante o diálogo e o compromiso coa mellora do sistema educativo galego.

Así mesmo, mediante esta addenda acordan:

1.- No relativo á nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente, establecida no punto 3 do acordo, eliminar o establecido na súa parte final, en canto a diferir a negociación ao momento no que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2026.



O conselleiro D. Román Rodríguez González

Pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

D. Noelia Sánchez Vaamonde  
Por CCOO

D. Julio César Trashorras de la Fuente  
Por ANPE

D. José Cristóbal Salgueiro Vallejo  
Por UGT-SP Ensino

D.<sup>a</sup> Rosa María Silva Méndez  
Polo CSIF